

# Introdución ás bases de datos relacionais - Teleformación

## Descrición

Este curso ten por obxecto presentar aos participantes nos conceptos esenciais do mundo das bases de datos relacionales.

O curso dá a coñecer aos estudantes a terminoloxía das bases de datos relacionales, así como os conceptos de modelado de datos, a elaboración de Diagramas Entidade-Relación (EDR) e o mapeo destes. Ao longo do curso os alumnos utilizarán a ferramenta SQL Developer Data Modeler de Oracle para construír diagramas EDR e empregarán a linguaxe SQL para interactuar e manipular datos dunha base de datos.

Para o desenvolvemento dos exercicios prácticos do curso, o alumnado contará con acceso ao contorno Oracle Application Express. Mediante o desenvolvemento técnicas de aprendizaxe baseadas no desenvolvemento de proxectos, o alumnado creará e traballará con proxectos que lles retarán a deseñar, implementar, e presentar unha solución de base de datos para unha empresa ou organización

## Obxectivos

Unha vez finalizada a formación, o alumando estará en disposición dos coñecementos fundamentais achega do deseño, planificación e implementación dunha base de datos relacional.

O presente curso prepara ás persoas asistentes para a consecución da titulación oficial como Oracle Database Foundations Certified Junior Associate unha vez superado o exame requirido para ese efecto.

## Dirixido a

Este curso está dirixido a aquelas persoas que desexen aprender as técnicas e ferramentas fundamentais e necesarias para o deseño, implementación e tratamento de información dunha base de datos.

Para un correcto aproveitamento do curso é recomendable que as persoas interesadas dispoñan de coñecementos mínimos matemáticos, en lóxica e resolución analítica de problemas.

## Perfil do docente

O equipo da empresa formadora está composto por persoas con máis de 5 anos de experiencia en áreas de alta especialización técnica neste campo. O profesorado dispón das certificacións oficiais requiridas por Oracle para impartir este curso e pasou con éxito as probas de formación de formadores.

<b>DURACIÓN</b>	90 horas
<b>PROGRAMA</b>	Programación 2019/20
<b>MATRÍCULA</b>	Gratuíta
<b>METODOLOXÍA</b>	Teleformación
<b>TIPO</b>	CURSO
<b>CERTIFICACIÓN OFICIAL</b>	Sí
<b>EXAME CERTIFICACIÓN</b>	1Z1-006 Oracle Database Foundations
<b>BENEFICIOS</b>	
<b>HORARIO</b>	Aproximadamente 13 horas de traballo semanal, sen horario
<b>PERIODO INSCRICIÓN</b>	07/10/2019 - 20/10/2019
<b>PROBA DE SELECCIÓN</b>	22/10/2019, 10:00
<b>PERIODO DOCENCIA</b>	29/10/2019 - 13/12/2019
<b>LUGAR DE DOCENCIA</b>	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en

**Nº PRAZAS**

50 (Mínimo 10)

## Temario

1. Introducción
  - a. Introducción do curso
  - b. Introducción a bases de datos
  - c. Tipos de modelos de bases de datos
  - d. Requisitos empresariais
  
2. Bases de datos e modelado de datos
  - a. Bases de datos relacionais
  - b. Modelos de datos físicos e conceptuais
  - c. Entidades e atributos
  - d. Identificadores únicos
  - e. Relacións
  - f. Modelo de entidade de relación
  
3. Modificador de datos de Oracle SQL Developer
  - a. Programador de Oracle SQL
  - b. Converte un modelo lóxico nun modelo relacional
  
4. Mapeo de modelos físicos
  - a. Mapeo de entidades e atributos
  - b. Mapeo de chaves primarias e estranxeiras
  
5. Introducción a SQL
  - a. Introducción a Oracle Application Express
  - b. SQL
  - c. DDL
  - d. DML
  - e. TCL
  - f. Retorno de datos mediante SELECT
  - g. Restrición de datos mediante WHERE
  - h. Clasificación de datos mediante ORDER BY
  - i. Unión de táboas mediante JOIN